

E como chegamos ata aquí?.- J.G.B.

Nacemos nun momento no que os medios de comunicación vivían (aínda hoxe) tempos difíciles. Pero todo cambiou cando en 2012 decidimos comezar a editar a nosa revista cunha cobertura comarcal ... e todo comezou aquí en VAL MIÑOR

Pasaron 7 anos, que nos deixaron moitas historias que contar, moitos obstáculos superados e tamén un soño cumprido, o dun proxecto que se consolida e un medio de comunicación que se afirma na súa credibilidade e calidade, algo que conseguimos grazas a todas as persoas que ao longo destes sete anos, colaboraron achegando a súa experiencia e coñecementos.

Cunha idea clara do que queriamos contar, a publicación que chega ao lector é un produto que foi "mimado" e coidado en todos os seus detalles .

POR QUÉ COUSAS DE?

Fué Castela quen nos inspirou desde o primeiro momento coa súa obra COUSAS. É a súa creación editorial máis orixinal e coa que inventa un xénero novo e moi persoal. Nun tempo no que soamente se falaba daqueles que sobresaían na vida social, a política, etc. el puxo o acento en contar as cousas da xente, dunha maneira que todo o mundo entendía.

OBXETIVOS

En COUSA DE temos como obxectivo achegar ao lector a través das nosas páxinas e dunha maneira moi coidada, todo o que de extraordinario temos preto de nós e descrito por aqueles que mellor o coñecen, poñendo especial atención no Patrimonio Natural e Cultural, no Medio Ambiente e nun aspecto importantísimo na nosa sociedade, as asociacións solidarias e aquelas accións organizadas con este fin, onde cada día centos e centos de persoas dedican unha parte moi importante da súa vida para que aquelas persoas que o necesitan, teñan unha vida mellor.

Co tempo fomos crescendo, e hai 3 anos incorporamos unha nova edición para BAIXO MIÑO, e engadimos novos propósitos, como o de informar sobre todo o que sucede en relación ás iniciativas que se toman nese espazo común que é o Río Miño, contribuíndo na medida do posible á construción e fortalecemento dun futuro común, dando a coñecer todo aquilo que se está a facer na mobilidade, accesibilidade, na protección do Medio Ambiente e en definitiva, na da calidade de vida das persoas.

Nesa liña, tomamos a decisión de seguir editando no sur da provincia, que é o noso territorio natural, iso sí, axuntando toda a información nunha soa revista, con máis páxinas e máis reportaxes. Porque hai moitos asuntos que son de interese compartido entre os diferentes concellos e algúns, que suscitan gran interese mesmo entre diferentes comarcas. Quero lembrar por exemplo: EURURAL, DESTINO GALICIA ou, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA-AECT RÍO-MIÑO.

Creemos que COUSAS DE cumpriu os seus compromisos declarados desde a perspectiva informativa, compartindo en cada número publicado, artigos e reportaxes sobre os temas que nos quían e sentimos a satisfacción do traballo ben feito, con rigor profesional, con compromiso, reflectindo a pluralidade da sociedade na que vivimos e reafirmando en cada unha das nosas publicacións, os principios daquel distante 2012.

Quero aquí recoñecer e agradecer sinceramente a entrega e a achega dos distintos profesionais que participaron, ao longo deste intenso espazo de tempo, na construción deste marabilloso proxecto que se chama COUSAS DE.

COUSAS DE continuará o seu camiño libre e independente, agradecendo o ánimo inmutable dos nosos lectores e o apoio incondicional dos nosos anunciantes neste difícil pero fermoso camiño que, confío, seguiremos percorrendo xuntos.